

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664


 EDICIONES
COMPLUTENSE

<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.62640>

REQUEIXO, Armando (2017): *Sobre letras e signos. Estudos en homenaxe a Anxo Tarrío Varela*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 788 pp.

O presente volume constitúe unha homenaxe, co gallo da súa xubilación, a Anxo Tarrío Varela, referencia indiscutíbel dos estudos literarios galegos desde hai cinco décadas, catedrático de Filoloxía Galega e Filoloxía Portuguesa na Universidade de Santiago de Compostela, director da Área de Literatura do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades durante vinte anos e profesor de moitas promocións de investigadores e docentes. Son xustamente algúns destes alumnos, xunto a compañeiros e amigos de Tarrío, os que participan neste libro, cun total de cincuenta e tres contribucións.

A obra divídese en tres apartados. O primeiro, co título de “Presentación”, reúne varias achegas nas que Román Rodríguez González, Valentín García Gómez, Manuel González González e Armando Requeixo, representantes de tres piares institucionais na traxectoria investigadora e docente de Tarrío (a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o primeiro; a Secretaría Xeral de Política Lingüística, o segundo; e o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, os dous últimos), introducen a figura do catedrático e subliñan tanto o seu labor no eido da historiografía, da teoría e da crítica literarias e da literatura comparada galega como a súa valía humana. Resultado de ambos os dous factores son a participación activa en todo tipo de actividades culturais (congresos, xornadas, simposios, presentacións de libros e entregas de premios, eventos de promoción literaria, entrevistas, etc.) e súa prolífica obra (que abrangue historias da literatura, libros de ensaio, numerosos artigos de investigación, edicións de obras e autores canónicos, o *Diccionario de Termos Literarios* ou o *Boletín Galego de Literatura*, do que foi fundador e director), que amosan o seu compromiso con Galiza e coas súas letras e o rigor e a lucidez que definen a súa traxectoria.

O segundo apartado vén composto por unha cronobiografía, a cargo, novamente, de Armando Requeixo, editor do volume e compañeiro de

angueiras. Trátase dun extenso e documentado traballo que recalca na vida persoal e profesional de Anxo Tarrío, desde o seu nacemento en Compostela en 1945 ata o presente: a súa infancia; os seus estudos desde a escola elemental ata a Escola Normal de Maxisterio, primeiro, a licenciatura en Filosofía e Letras na USC, despois, e, finalmente, o doutoramento na Universidade de Oviedo; o seu paso pola Escola de Traballo de Santiago, onde fixo tres cursos de oficial mecánico fresador; a súa incursión no mundo da música, como integrante do grupo Los Bardos, co que gravou varios discos; e a súa carreira académica, ata a recente xubilación.

No que atinxe a este último aspecto, a cronografía, case a modo de currículo comentado, achega algúns dos principais fitos no seu traballo como investigador, como docente e, a fin de contas, como persoeiro chave da cultura galega. Consígnanse así as súas principais publicacións, os diferentes postos que acadou, as materias impartidas, a creación de publicacións periódicas (entre elas, a revista *Senara* ou o devandito *Boletín Galego de Literatura*), a participación en comités científicos e de redacción, as traducións e edicións, os congresos nacionais e internacionais aos que acudiu, as súas estadias en centros de investigación e universidades estranxeiras, algunhas das teses de licenciatura e de doutoramento dirixidas, os grupos que creou e dos que formou parte, como Glifo ou o grupo de investigación interdisciplinar Liter 21 “Investigacións literarias, artísticas, interculturais e educativas. Lecturas textuais e visuais”, etc. Armando Requeixo da conta tamén doutras actividades vencelladas non xa á Academia, senón á divulgación da escrita galega. Sobresaen, neste sentido, as asiduas colaboracións nos principais xornais galegos (*Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia*, *El Correo Gallego...*) e o ter sido membro de numerosos xurados de premios literarios.

Así mesmo, desde unha perspectiva máis persoal, o estudo contén, ademais dun importante arquivo fotográfico, algúns datos curiosos

relacionados coa súa familia e co seu periplo vital, como que o seu avó, Á. Varela Santos, foi o inventor do taquitoscopio, ou que participou, xunto con algúns amigos e familiares, como extra no filme *The Pride and the Passion*, de 1957.

A derradeira parte do volume, a máis extensa e a máis heteroxénea, é un compendio de estudos de amigos, colegas, alumnos e discípulos. Na ampla diversidade temática, pódense recoñecer moitas das liñas e moitos dos eixos que marcaron a traxectoria investigadora de Tarrío. Cunqueiro, autor ao que o profesor consagrou non poucos traballos, é tamén aquí o obxecto das contribucións de Luís Cochón, que dedica unhas palabras á singularidade da escrita do mindoniense; de María Xesús Nogueira Pereira, que propón unha achega á narrativa curta de Cunqueiro a partir do relato “Pontes de Meirado” (pertencente a *Xente de aquí e de acolá*), co obxectivo de acabar cos tópicos que pesan sobre ela; e de Camiño Noia, quen se centra na toponimia empregada polo escritor na viaxe da carroza por Bretaña en *As crónicas do Sochantre*.

Doutra banda, sobre Benito Pérez Galdós e a súa novela *Fortunata e Jacinta*, a cuxo estudo destinou Anxo Tarrío a súa tese de doutoramento (e, derivada dela, o libro *Lectura semiolóxica de Fortunata y Jacinta*), trata o traballo de José Manuel González Herrán; en concreto, sobre a adaptación que da novela realiza Mario Camus para a serie televisiva do mesmo nome, completando en certo modo, con esta análise, a achega teórica á intermedialidade filmoliteraria coa que Anxo Abuín González inaugurara esta terceira sección do libro-homenaxe, “Estudos”.

Carlos Casares, Agustín Fernández Paz e Celso Emilio Ferreiro, autores que tamén despertaron o interese investigador de Tarrío, están, entre outros moitos, tamén representados no presente libro grazas á contribución de Mar Fernández Vázquez, que estuda a representación do mundo eclesiástico na obra casariana e a súa construción sobre dúas mentalidades confrontadas; a de Eulalia Agrelo Costas, centrada en *O único que queda é o amor* de Fernández Paz; e a de Xosé Manuel Dasilva, que considera a versión en español de *Antipoemas* como unha falsa autotradución da versión orixinaria galega, contradicindo o sostido polo propio autor para xustificar a escrita en castelán e a presentación da obra a un premio de signo franquista.

Algunhas das voces poéticas galegas máis relevantes, como Rosalía de Castro, Manuel Antonio ou Luís Pimentel, que tampouco escaparon ao traballo investigador do homenaxeado, son obxecto do texto de Carmen Blanco e,

no caso de Luís Pimentel, da contribución de Arcadio López-Casanova.

Entre os colaboradores deste volume atópanse figuras prestixiosas da cultura galega e reputados investigadores da literatura. Xesús Alonso Montero, por exemplo, estuda o interese polas letras galegas do portugués José Leite de Vasconcelos, a través dun soneto que escribiu en galego en 1902 (titulado xustamente “Galicia”), da composición de 1014 “Mãi, Carme poliglótico” e dunha crestomatía de textos románicos escollidos con fins docentes (entre os que se inclúen escritos galegos de Rosalía, Curros, Pondal e outros autores). Subliñamos entre eles tamén a Mercedes Brea, quen rastrea a presenza do termo *solaz* na lírica trobadoresca galego-portuguesa; a Manuel Forcadela, cuxo traballo contempla os conceptos de literatura nacional, mundial e universal; a Víctor F. Freixanes, que trata a significación das cubertas dos libros como un mecanismo de comunicación e, no contexto do mercado editorial, como un estímulo na procura de lectores; a Marina Mayoral, quen reflexiona sobre o emprego do tempo nas súas novelas e, sobre todo, en *Contra morte e amor*, que Tarrío traduciu ao galego; ou a Carmen Mejía Ruiz, que reproduce e analiza algúns facsímiles do epistolario inédito de María Victoria Villaverde relacionados coa recepción de *Tres tiempos y la esperanza* (1962). Na contribución que pecha o volume, Darío Villanueva dá cabida a un dos intereses de Tarrío, a música, a través dun ensaio sobre a presenza desta arte na literatura comparada e sobre como foi estudada desde a teoría especializada a relación entre a música e a palabra poética.

Non hai que esquecer os estudos dedicados ao propio Tarrío, como son o de Basilio Losada, que versa sobre a faceta xornalística do catedrático, e o de João Manuel Ribeiro, unha recensión crítica da obra de Tarrío *Álvaro Cunqueiro o los disfraces de la melancolía*.

Coa súa multiplicidade de temas e de nomes, que non podemos abranguer agora na súa totalidade, a homenaxe a Anxo Tarrío fai patente o seu inxente labor no que respecta ao estudo, desde diferentes disciplinas, da literatura galega, pero amosa tamén, e quizais nisto resida o principal valor de *Sobre letras e signos*, a pega da que deixou en todos aqueles que estiveron ao seu carón ao longo da súa traxectoria ou aprenderon nas súas aulas.

Alba Diz Villanueva
Universidad Complutense de Madrid
albadiz@ucm.es